

Autor e ilustrador: **ANTONIO SANTOS**

Encadernado en cartón

48 páxinas a toda cor. 22x22 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "A viaxe de Pancho"

Demademora. ISBN 978-84-8464-526-9


-Castelán: "El viaje de Pancho"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-9638 808-6

Prezo: 13 €

A VIAXE DE PANCHO

O primeiro en chegar á súa casa foi Perico, Ledos e tristes ao mesmo tempo, despedíronse. Pancho e Monosabio continuaron a súa viaxe.



"*A viaxe de Pancho* é unha historia que fala da vida coma unha viaxe na que se atopan amigos que nos axudan a andar o camiño..." Así describe Antonio Santos a súa obra, que é a continuación de "Pancho", coa que gañou o Segundo Premio Nacional de Ilustración 2003.

Amigos que se gañan e que se perden, porque cada un regresa ao seu fogar. "Por iso é unha historia leda e triste ao mesmo tempo, aínda que cun final feliz", precisa o autor. Pancho, Monosabio e o rato Perico emprenden unha longa viaxe dende o circo no que -malia os aplausos entusiasmados do público ás súas destrezas- soñan con voltar cos seus.

Un relato para primeiros lectores que aborda o concepto de liberdade, sen eludir cuestións como os dereitos dos animais, que xa se trataban en "Pancho". O autor tamén introduce frases de profundo significado: no seu percorrido, o pequeno elefante e os seus amigos atravesan pobos e cidades "agochándose dos humanos" e, tras deixar a Perico, cruzan o mar nunha "barca abandonada".

Non só se reproba a actitude dominante das persoas sobre outras especies sometidas sen respecto, senón que se introduce dun xeito sutil un dos fenómenos máis preocupantes do noso tempo: Pancho e Monosabio cruzan dende Europa ao continente africano e contemplan, nunha viaxe inversa á de tantos inmigrantes, o avance precario e vacilante das pateiras.

"Todos viaxan neste este libro e fanno na procura de algo tan simple e complicado como a felicidade", engade o autor. Tamén abundan as pinceladas de humor, como as artimañas destes animais para pasar desapercibidos entre os humanos. O colorido das ilustracións segue sendo unha das características de Antonio Santos que, co seu estilo, confírelle a esta obra un atractivo especial.

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

Como en "Pancho", o autor segue fiel á técnica do collage, aínda que nesta ocasión dálle máis renda solta aos seus propios trazos de debuxo. A tea de cadros de cores, que na primeira parte de "A viaxe de Pancho" fora o obxecto de desexo do pequeno elefante, segue presente en cada páxina desta historia.

Ata que ao final, o protagonista recibe unha nova lección de alguén que lle pide "un agasallo inesperado". Así, Pancho bota a vista atrás edispónse a relatar un pasado recente que lembra con nostalxia polas aventuras, os amigos e as experiencias vividas, pero que tamén lle trae á mente a sensación azarosa da súa captura e a privación de liberdade.

ANTONIO SANTOS (Lupinén, Huesca. 1955)

Estudou na Facultade de Belas Artes de Barcelona, na especialidade de Escultura. Posteriormente residiu en París. Leva máis de 25 anos de traxectoria artística; participou en numerosas exposicións individuais. Pola súa obra recibiu varios galardóns, como o Premio de Debuxo Rafael de Penagos, o Premio Daniel Gil e o Segundo Premio Nacional de Ilustración 2003 outorgado polo Ministerio de Cultura en recoñecemento por "Pancho", editado por KALANDRAKA en galego e castelán. Tamén colaborou con outras editoriais como Siruela, Sinsentido, SM ou Libros del Zorro Rojo.

- **Temática:** libro sobre animais
- **Idade recomendada:** Educación Infantil
- **Aspectos destacables:** ilustracións realizadas coa técnica do collage; é a segunda parte do álbum titulado "Pancho" (2º Premio Nacional de Ilustración 2003); ilustrador de "Historia da resurrección do papagaio", editado por KALANDRAKA en galego
- **Aplicacións:** descrición de lugares e recordos, reflexión sobre a inmigración, dereitos dos animais